

¿QUE SON?

As actividades formativas ofertadas pola EDIUS teñen como obxectivo ofrecer formación nas competencias necesarias para a etapa de tese. Están organizadas en bloques temáticos. Analízaas coa persoa que dirixe a túa investigación para ver cales son as máis adecuadas para o teu perfil. Podes cursalas ao longo de toda a túa etapa de tese. ¡Organízate, imos repetilas cada ano!

¿A QUEN VAN DIRIXIDAS?

As actividades de formación da EDIUS están abertas a todas as persoas matriculadas na etapa de tese de algún dos Programas de Doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela. Ofértanse actividades pensadas para todo o alumnado nas que se comparten experiencias dun xeito interdisciplinario e outras que son máis específicas e xa están orientadas por áreas de coñecemento.

¿COMO PODO PARTICIPAR?

Inscríbete online na túa secretaría virtual. Planifica o teu tempo e a túa formación consultando a [web](#). O listado xeral de actividades publícase ao inicio de curso pero, ademais, periodicamente recibirás por e-mail un boletín con información actualizada. Aí comunicaranse tanto os cambios que se poidan producir nas actividades xa programadas coma as novas propostas formativas que vaian xurdindo ao longo do curso.

¿CANTO CUSTAN?

Os cursos non teñen custo para o alumnado, pero si para a EDIUS. Matricúlate só no que podas aproveitar: ten en conta o idioma no que se imparte e o teu nivel de coñecemento da materia. Evita cursos de especialización sen cursar antes a oferta básica. ¡Axúdanos a optimizar os recursos!

¿SON OBRIGATORIAS?

As actividades da EDIUS están abertas a todo o alumnado pero non todas as persoas deben cursalas. Consulta co teu director/a (ou titor/a), ou cos responsables do teu Programa de Doutoramento, cales son aqueles cursos que *SI* deberías facer. Unha vez que te matriculas é obrigatorio asistir como mínimo ao 80% das aulas, e facer as tarefas que che encomenden, para ser APTO/A e ter a certificación da actividade.

Se tes que darte de baixa, avisa con tempo a edius.formacion@usc.es, e outra persoa ocupará o teu lugar. A EDIUS pode bloquear a túa matrícula en futuras actividades se non respectas estas recomendacións.

¿ONDE SE IMPARTEN?

O lugar onde se desenvolve a actividade está sempre indicado na ficha do curso. A maioría das actividades da EDIUS desenvólense no [Centro](#) de Formación EDIUS, que está no Campus Norte. Non te confundas co edificio de Administración da EDIUS, que está no Campus Sur.

É moi importante que consultes sempre a ficha de cada curso e que revises a miúdo o teu e-mail institucional por se hai cambios.

ACTIVIDADES FORMATIVAS

¿PODO FACER PROPOSTAS DE ACTIVIDADES?

A túa opinión é importante! Na EDIUS recibimos con agrado as propostas de actividades que remite o alumnado, o profesorado dos Programas de Doutoramento, e os propios Programas. Axúdanos a crear a mellor oferta posible. Envía as túas suxestións a edius.formacion@usc.es

¿RECIBO UN CERTIFICADO?

As persoas que superan o curso reciben por correo electrónico un certificado da actividade. Na secretaría virtual de cada persoa aparece a lista de cursos aprobados. Revisa o apartado *As miñas actividades*. Ten paciencia. O tempo para corrixir e avaliar os traballos, cubrir actas e tramitar as certificacións é de 2 a 3 semanas.

¡GRAZAS POR AXUDARNOS A CONSTRUIR UNHA EDIUS DE CALIDADE!